



- Empeceina ao revés.

[Carmela pideume un bico]  
na carballeira de baixo  
Carmela pideume un bico  
na carballeira de baixo.

que a picou unha espiña

...

Aí, si va á herba  
ireiche ergher  
dareiche un abrazo  
Maruxa miña do meu querer.

“Maruxiña dame un bico  
que che hei dar un pataco.  
Maruxiña dame un bico  
que che hei dar un pataco.”  
“Non quero bicos dos homes  
que me cheiran ó tabaco.”  
Ai la lá...

Xa veño do muíño,  
xa veño de moer.  
Xa veño do muíño,  
Manuel do meu querer.  
Manuel do meu querer,  
Manuel do meu querer.  
Xa veño do muíño,  
xa veño de moer.

Aí, si va á herba  
ireiche ergher  
dareiche un abrazo  
Maruxa miña, do meu querer.  
Dareiche un abrazo  
Maruxa miña, do meu querer.

- E agora a copla.

“Maruxiña dáme un bico  
que che hei dar un pataco.  
Maruxiña dáme un bico  
que che hei dar un pataco.”  
“Non quero bicos dos homes  
que me cheiran ó tabaco.”



Xa veño do muíño,  
xa veño de moer.  
Xa veño do muíño,  
Manuel do meu querer.

A miña burriña  
cando vai ao muíño, ai  
toda enferruchada,  
cheíña de frío.  
Cheíña de frío,  
chea de xiada, ai.  
A miña burriña  
sempre anda cargada.

O cura chamoume Rosa,  
*velo aí vai, velo aí vai, velo aí vai,*  
*velo aí vai.*

Eu tamén lle respondín -he  
*Ai, velo aí vai.*

“Estas rosas, señor cura  
*velo aí vai, velo aí vai, velo aí vai,*  
*velo aí vai,*

non as hai no seu xardín -he.”  
*Ai, velo aí vai.*

“Me tirastes un limón,  
me distes en la cara.”

“Son cositas del amor,  
morena reselada.”

“Me volvistes a tirar,  
me distes en la frente.”

“Son cositas del amor,  
morena reluciente.”